



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xuño de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e seis de xuño de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(560).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de xuño de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(561).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓN UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS (LIXO COMERCIAL E VADOS) DO EXERCICIO 2019. EXPTE. 51675/516.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos de 14 de xuño de 2019,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2019 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de **6.706.270,21 Euros (SEIS MILLÓNS SETECENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS SETENTA CON VINTE E UN)**, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 20284 que figura a nome de “123 WASH LAVANDERIAS EXPRESS SL” polo establecemento sito en AV ALCALDE GREGORIO ESPINO 55 BX, e remata coa inscrición nº 8479 que figura a nome de “ZUÑIGA RODRIGUEZ OLIVA” polo local sito en RU ECUADOR 58 BX IZ, cun total de 22.963 inscricións e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	5.088.475,44€
- Entrada vehículos	1.586.435,77€
- Reservas aparcamento	31.359,00€

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(562).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A “AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”. EXPTE. 182084/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 02.04.2019 e 15.04.2019 (Códigos solicitude W334567-9437, W334747-1710, W337285-6812, W337289-8030 e W337329-3697; Docums. Núms 190047088, 190047629, 190055374, 190055402 e 190055583), a «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ES-



Concello de Vigo

COLARES» presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto: “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”, co que se pretende acadar os seguintes obxectivos:

- 1) Combatir a pobreza extrema
- 2) Poñer fin a todas as formas de malnutrición facendo que os/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola.
- 3) Potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos.
- 4) Axudar ó emponderamento da muller que contribúa a xenerar riqueza e evitar migracións.
- 5) Apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 10.05.2019, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 Estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000.

Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS), no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible. Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.



Concello de Vigo

III.2. A «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» manifesta a súa intención de contribuír a lograr o cumprimento dos ODS coincidindo coa visión expresada na Axenda 2030 de “*Conseguir un mundo onde non se deixe a ningún atrás*”, o que pasa por erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, poñendo fin a todas as formas de malnutrición e facendo que todos os/as nenos/as teñan acceso a alimentos nutritivos, fomentando tamén que os fogares e as comunidades produzan alimentos para o seu autoconsumo de maneira sostible.

III.3. Tal como se indica na Memoria presentada por esta Asociación: «*Nuestro proyecto hace especial hincapié en los siguientes Objetivos de Desarrollo Sostenible:*

1- Fin de la pobreza

2- Hambre cero

4- Educación de calidad a lo largo de toda la vida y en todos los ciclos educativos

5- Igualdad de género

6- Agua limpia y saneamiento

8- Trabajo digno y crecimiento económico. Apoyar la creación de empleo digno y el florecimiento de todo tipo de empresas».

III.4. O impacto agardado do proxecto subvencionado é a melloría na saúde da poboación infantil que asiste ós comedores e a diminución da desnutrición e a anemia, mellorando así o seu desenvolvemento físico e psicolóxico. Tamén, a través da formación académica, agárdase lograr unha melloría social e económica que repercuta no alumnado e nas súas familias e comunidades. As familias beneficiarias directas deste proxecto serían, aproximadamente, unhas 500.

III.5. O orzamento estimado por «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» para levar a cabo este proxecto humanitario en 2019 é de 75.350€ e o importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo de 20.000€, que destinará «*a sufragar los gastos de alimentos de la escuela de Cajamarca ciudad “Aulas Abiertas Vuelta a la Escuela” y a los gastos de alimentación, estudios y uniformes de la Residencia de estudiantes en la que actualmente residen 12 jóvenes...».*

III.6. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa de 20.000€ a favor desta Asociación con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencions previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencions en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrencia no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.7. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.8. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervenir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”* (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.



Concello de Vigo

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «as entidades que integran a Administración Local» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccetes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.9. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» xustifícase expresamente a súa coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado contidas no «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021». Tamén resultaría coherente coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas hoxe no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se inclúe a Perú dentro dos países prioritarios desa cooperación na área de América do Sur, xunto con Bolivia e Ecuador.

III.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.11. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccetes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» unha subvención directa por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2019 do proxecto: “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo (Exps. Núms. 182084/301 e 182083/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”) dos orzamentos vixentes, a favor da «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES», CIF G27794445.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto da «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES»: “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”, no ano 2019, co que se pretende combatir a pobreza extrema, poñer fin a todas as formas de malnutrición facendo que os/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola, potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos, axudar ó emponderamento da muller que contribúa a xenerar riqueza e evitar migracións e apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán os/as nenos/as da provincia de Cajamarca que asisten a estes comedores escolares. As familias beneficiadas serían, aproximadamente, unhas 500.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (20.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.



Concello de Vigo

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2019 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluirá:

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das



Concello de Vigo

competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(563).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO – XUNTA LOCAL DE VIGO (AECC)» PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANOS 2019-2021. EXPTE. 181437/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/05/19 e o informe de fiscalización do 20/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/19, asinado pola xefa de Servizo de Benestar Social, polo xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME – PROPOSTA

I. A «Asociación Española contra o Cancro – Xunta Local de Vigo» (AECC) é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro que ten como fin principal a atención ó doente oncolóxico e ós seus familiares así como á poboación xeral mediante actividades de investigación, divulgación, prevención, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

II. A AECC – Xunta Local de Vigo, tendo en conta as repercusións físicas, psicolóxicas e sociais derivadas do diagnóstico e tratamento do cancro, puxo en marcha a finais do ano 1990 o programa de atención psicolóxica.

III. A finalidade do convenio proposto é o de acadar unha vida normalizada co que se fai necesario abordar a través do presente programa as necesidades de índole psicosocial.

IV. Os principais servizos cos que conta a Asociación son:

- Departamento de psicoloxía
- Departamento de traballo social
- Departamento de coidados paliativos
- Departamento de voluntariado
- Departamento de xuventude
- Departamento de administración.

Dispón para o efecto dos seguintes recursos humanos: psicólogas, traballadoras sociais, informático e administrativos.

V. A Concellería de Política Social recibiu unha grande demanda para a atención psicolóxica e social dos doentes oncolóxicos e os seus familiares. A fin de respostar á demanda prantexada e, ó mesmo tempo, garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos desta Asociación, estímase conveniente que o novo convenio de colaboración coa AECC teña carácter plurianual (2019-2021), o que permitirá un mellor desenvolvemento do “Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares” mediante o que se atenderá a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares, derivados pola Concellería de Política Social.

A vixencia deste novo Convenio sería, pois, de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*

VI. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 – *Convenio Asociación contra o cancro*”, por un importe de 7.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (7.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

VII. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia (2019-2021), etc.



Concello de Vigo

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da Diplomada en Traballo Social, a orde de inicio de expediente da concellería delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a «Asociación Española contra o cancro (AECC) – Xunta Local de Vigo» (CIF G-28197564), para a execución dun programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares – anos 2019-2021.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 21.000€, a razón de 7.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación nº 2310.480.00.10 -*Convenio Asociación contra o cancro*– do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO” (XUNTA LOCAL DE VIGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANOS 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. M^a de los Ángeles Pazos Crespo, con DNI nº 35.217.915-Q, Presidenta da “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Vigo, CIF nº G-28197564, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Ronda de Don Bosco nº 41, baixo, Oficina 5, CP 36202 Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a de los Ángeles Pazos Crespo, actuando en representación da AECC – Xunta Local de Vigo, segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen ánimo de lucro. Foi constituída en 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

En 1966 foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén actualmente inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS), dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Ten a súa sede central en Madrid e desenvolve a súa actividade en toda España a través das 52 xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades no conxunto do Estado.

A AECC está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que, cun proxecto conxunto, dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

II.- Que, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias e de que poidan acadar unha vida normalizada, a AECC desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial así como de prevención e sensibilización destinadas á poboación xeral.

Os obxectivos específicos perseguidos con este tipo de programas son os de minimizar as alteracións emocionais derivadas do proceso da enfermidade e/ou tratamento, contribuír a recuperar o nivel de funcionamento persoal previo á enfermidade, favorecer a integración social do enfermo no seu contorno inmediato e a reincorporación ó mercado laboral, promover a posta en marcha de estratexias de afrontamento activo, orientalo na busca de recursos sociais, etc.



Concello de Vigo

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da AECC – Xunta Local de Vigo para a execución dun Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares durante os anos 2019, 2020 e 2021.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada de Política Social, e a AECC comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa que, co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias, inclúe a previsión de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, de inserción laboral etc.

TERCEIRA.- A AECC comprométese tamén a:

- a) Someterse á normativa vixente en cada momento en materia de sanidade, seguridade e riscos laborais, tanto para as persoas usuarias do Programa como para o seu persoal, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- b) Atender a través do programa psicosocial a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política Social e que se atopen empadroados en Vigo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á AECC unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 7.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 21.000€.

O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº: 2310.480.00.10 – *Convenio Asociación contra o cancro*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas



Concello de Vigo

ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma

proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da AECC e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos



Concello de Vigo

de identificación admitidos nela e incluíra unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2019-2021).

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que se-

rán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.



Concello de Vigo

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO
O ALCALDE – PRESIDENTE,

Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez

Perante mín,
A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL,

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

POLA AECC,

Asdo.: M^a de los Ángeles Pazos Crespo

5(564).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «FUNDACIÓN MENELA» PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR DIRIXIDO A FAMILIAS E COIDADORES HABITUAIS DE PERSOAS AFECTADAS POR ALGUNHA DISCAPACIDADE – ANOS 2019-2021. EXPTE. 181521/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/05/19 e o informe de fiscalización do 14/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/19, asinado pola xefa de Servizo de Benestar Social, polo xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME – PROPOSTA

I. INFORME

I.1. Marco normativo:

De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.2. Xustificación do Convenio coa Fundación Menela 2019-2021:

Na área de persoas con discapacidade da Concellería de Política Social estanse a levar a cabo diferentes programas e proxectos dirixidos á atención integral das persoas con discapacidades e as súas familias.



Concello de Vigo

No ano 2007 iniciouse un programa de respiro familiar coa finalidade de proporcionar medios facilitadores para que as familias poidan afrontar as situacións, moitas veces conflitivas e estresantes, que se derivan da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual, ofrecendo un espazo de tranquilidade e descanso ós pais/nais, irmáns ou titores para que “carguen pilas”; feito que repercutirá tamén positivamente na evolución da persoa con discapacidade intelectual.

Poderán beneficiarse do programa de respiro familiar as persoas con discapacidade de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroadas no Concello de Vigo e que fagan a achega correspondente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello acompañadas da seguinte documentación:

- Ficha de datos persoais
- Ficha de coñecemento
- Ficha médica-autorización
- Autorización cesión de imaxes.

O programa comprende estanzas de curta duración, que poden ser como mínimo dun día ata un máximo de tres en fin de semana, pontes ou festivos. Os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de catro días. O número máximo de usuarios por estanza é de seis persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, poidendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

Todos os fins de semana que se realice este programa de respiro familiar deberá haber, como mínimo, catro persoas usuarias.

A actividade residencial do respiro familiar ten lugar no edificio CAMI da Fundación Menela, ubicado na rúa Laxe, nº 3. O edificio, situado no centro histórico de Vigo, conta con catro andares, deseñados especialmente para facilitar a plena accesibilidade das persoas con discapacidade, nun contorno urbano que facilita a realización de múltiples actividades. Nestas instalacións, á parte das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc. realízanse tamén actividades lúdicas (xogos de mesa, dinámicas individuais e grupais, manualidades), sesións de cine, etc. Dado que este é un servizo de lecer, fóra do edificio fanse saídas de socialización que consisten en levar ós usuarios do programa a lugares normalizados da comunidade para conseguir a súa integración nunha vida o máis normalizada posible: cafeterías, discotecas, cines, concertos musicais, praias, etc. As actividades adaptaranse ás características individuais de cada persoa.

Este programa lévase a cabo a través da sinatura dun convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a Fundación Menela. Esta fundación ten por obxecto a realización, sen ánimo de lucro, das seguintes finalidades:

- Fomentar e prestar todo tipo de axudas ó estudo.
- Investigación, promoción e asistencia nos seus aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufran enfermidade ou marxinação social,

especialmente ós enfermos ou deficientes mentais, minusválidos psíquicos ou físicos, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando desta forma mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellora do seu contorno familiar e social e fomentar accións de cara á atención destas persoas por calquera institución e organismo público ou privado.

Co obxectivo de garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación deses servizos ás persoas, estímase conveniente que o novo convenio en cuestión teña carácter plurianual (2019 – 2021), cun orzamento de 8.000€/ano.

A subvención que se propón para 2019 (8.000€) está prevista xa no orzamento de Política Social (aplicación nº 2310.489.00.09 - “*Convenio Fundación Menela*”) e o seu réxime é o de concesión directa a teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión e a motivación necesaria para utilizar o procedemento de concesión directa.

As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (8.000 €/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

A concesión da referida subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento dun programa de respiro familiar dirixido a familias e cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade – anos 2019-2021.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 24.000€, a razón de 8.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2019, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 -*Convenio Fundación Menela*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base



Concello de Vigo

de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANOS 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario do Padroado da “Fundación Menela” e Director Xeral da mesma, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable*



Concello de Vigo

como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervenientes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Menela” para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración das persoas discapacitadas no edificio CAMI da “Fundación Menela”, situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política Social, e a “Fundación Menela” comprométese a colaborar activamente na execución do Programa de “Respiro Familiar”. O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:

–Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.

–As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de 4, previa autorización municipal.

–Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 6 estanzas ó longo da duración do convenio anual.

–O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 6, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.

–Por excepción, o Concello poderá autorizar un mínimo de 4 estanzas/día cubertas nos fins de semana que se realice o servizo de “Respiro familiar”.

–Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Menela” unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 8.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 24.000€. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 – *Convenio Fundación Menela*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.



Concello de Vigo

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unírase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Este programa de “Respiro familiar” é cofinanciado pola Concellería de Política Social os beneficiarios do mesmo. O custo da estanza por usuario e día ascende en 2019 a 172,99€, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores. A achega dos/as usuarios/as do servizo será de 35,00€ persoa/día). Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).

SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:

5. Ficha de datos persoais.
6. Ficha de coñecemento.
7. Ficha médica – autorización.
8. Autorización para a cesión de imaxes.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con

discapacidade ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.

A mes vencido, a “Fundación Menela” enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoas usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO CUARTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO QUINTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2019-2021).

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)



Concello de Vigo

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que

as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO
O ALCALDE – PRESIDENTE,

Asdo.: Abel R. Caballero Álvarez

Perante mín,
A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL,

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

POLA FUNDACIÓN MENELA,

Asdo.: Cipriano Luís Jiménez Casas

SOLICITUDE -ANEXO I **PRO-**
GRAMA DE RESPIRO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
Concellería de Política Social - Fundación Menela



Concello de Vigo

FICHA DE DATOS

Nome e apelidos do/a usuario/a:

Data de nacemento:

D.N.I.:

Teléfono/s:

Dirección completa:

.....

Diagnóstico (porcentaxe de minusvalía / grao e nivel de dependencia):

.....

Nome e Apelidos de quen solicita a

estancia:

.....

Relación co/coa interesado/a na estancia:

Dirección:

Teléfono/s de contacto:.....

Indique as datas solicitadas(incluír hora de chegada e saída):

.....

.....

.....

Sinatura:

O Servizo de Estancias do Edificio CAMI resérvase o dereito de facer modificacións na súa reserva (sempre coa perceptiva notificación ó/á interesado/a).

Documentación para formalizar a reserva (a chegar coa colicitude):

- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Ficha de coñecemento, Ficha de datos, Ficha médica e autorización (cubertas e asinadas).

PROGRAMA DE RESPIRO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Concellería de Política Social - Fundación Menela
ANEXO II
Ficha Médica – Autorización

Nome: Apellidos:
 DNI: N° tarxeta sanitaria:
 Persoa/s á quen avisar en caso de urxencia:
 Teléfonos de contacto:.....
 Diagnóstico.....

Medicación:

Nome medicamento	Cantidade	Horas			Cómo o toma

Eu,,
 con DNI, **AUTORIZO** ó persoal responsable das estancias do Edificio CAMI a admi-
 nistrar a medicación habitual
 a, con
 DNI, mentres dura a estancia .

Asinado:

Outros datos importantes:

Epilepsia.....
 Diabetes.....
 Alerxias.....
 Problemas intestinais.....
 Problemas de visión.....
 Problemas de audición.....
 Outros.....

Vacinas:



Concello de Vigo

Observacións:
.....
.....
.....

Achegar: Fotocopia da tarxeta sanitaria e das vacinas.

PROGRAMA DE RESPIRO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Concellería de Política Social - Fundación Menela

ANEXO III

FICHA DE COÑECEMENTO

DATOS PERSOAIS

Nome.....Nome usual.....

Apelidos.....

Data de nacemento.....

Dirección completa.....

Persoa de contacto en caso de urxencia

Teléfono/s de contacto.....

DISCAPACIDADE

Diagnóstico (con porcentaxe de minusvalía/grao e nivel de dependencia):

.....

Outras problemáticas, dificultades:

.....

.....

Datos de interese:

.....

CUBRA AS SEGUINTE TÁBOAS MARCANDO SI OU NON, SEGUNDO O CASO, E ENGADINDO AS OBSERVACIÓNS QUE CONSIDERE OPORTUNAS:

Mobilidade

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Autónomo/a		
Camiña con axuda		
Trastorno do equilibrio		
Utiliza cadeira de rodas só		
Utiliza cadeira de rodas con axuda		
Utiliza a cadeira con motor		
Limitación de man/brazo		

Outros:

Comunicación

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Verbalmente		
Oralmente/ecolalia		
Por xestos		
Por fotos/pictogramas		
Linguaxe propia		
Lee/escribe		
Trastorno auditivo		

Outros:.....

W.C

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Autónomo/a		
Necesita axuda, supervisión		
Usa cueiro		

Outros:.....

Aseo

	SI / NON	OBSERVACIÓNS



Concello de Vigo

Dúchase só/soa		
Lava a cabeza só/soa		
Aféitase só		
Lava os dentes só/a		
Autonomía coas compresas		

Outros:.....

Vestido

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Vístese/desvístese sen axuda		
Ata os cordóns sen axuda		
Abrocha sen axuda		
Elixer a roupa sen axuda		
Ordena a roupa sen axuda		

Outros:

Soño

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Durme pouco		
Espértase pola noite		
Levántase pola noite		
Durme con luz		
Espértase polas mañás sen que o/a chamen		
Necesita algún "obxecto" para durmir		
Durme sesta		

Outros:

Comida

	SI / NON	OBSERVACIÓNS
Come só/soa		
Bebe só/soa		
Corta sen axuda		
Pela, monda sen axuda		
Mánchase		

Réxime:

Alerxias:

.....
.....

Alimentos que non tolera:

.....
.....

Alimentos que lle gustan especialmente:

.....
.....

Necesita axuda dalgún material adaptado:

.....
.....

Comentarios:

.....
.....
.....
.....

PERSONALIDADE / CONDUCTA

Cubrir cunha cruz os elementos que correspondan:

Características

Tranquilo/a		Inquieto/a	
Sociable		Retraído/a	
Servicial		Caprichoso/a	

Outros:.....
.....

Socialización

Aíllase		Cústalle relacionarse	
Obedece		Atende ordes	
Ten iniciativa		Mantén conversación	



Concello de Vigo

Manexa reloxo		Manexa cartos	
---------------	--	---------------	--

Outros:.....

Seguridade

Independente		Vixilancia constante	
Non é consciente do perigo		Controla perigos da casa	
Sabe educación viaria		Moi atrevido/a	
Escapa			

Outros:.....

Sinceridade

De confianza		Mente a miúdo	
Sincero/a		Sabe mentir	
Fantasiado/a		Non sabe que é	

Outros:

Problemas de conduta

Berrinches		Caprichos	
Fobias		Cuspe	
Rompe cousas		Tendencia a coller as cousas alleas	
Autolesiónase		Tendencia á fuga	
Violento/a		Pega	

Outros:

Gustos

O silencio		Tranquilidade	
Música		Deporte	
Televisión		Pasear	
Bailar		Xogos	

Outros:
.....

Asústalle

Animais		Altura	
Escuridade		Ruído	
Multitudes			

Outros:.....
.....

Costumes particulares:

.....
.....
.....
.....
.....

Observacións, comentarios ou suxestións:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

Vigo, o de de 20.....

Asdo:.....

6(565).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE APOIO Á UAD CEDRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2705/315.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 03/06/19, e o informe de fiscalización de data 04/06/19, dáse conta do informe-proposta do 03/06/19, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME – PROPOSTA

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 22.03.2019 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Servizo de CEDRO e a Concelleira delegada de Política Social o 22.03.2019.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada (última versión: 31.05.2019; trámite nº 177) polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado (última versión: 11.04.2019; trámite nº 41) polo Xefe de Servizo de CEDRO e o Xefe de Área de Benestar Social.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación (última versión: 13.05.2019; trámite nº 99) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Anexo ó PPT coa relación do persoal subrogable adscrito ó servizo, asinada polo contratista actual o 05.02.2019 (trámite nº 22).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de teleasistencia, asinado (última versión: 31.05.2019; trámite nº 184) pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é a contratación de parte dos servizos da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” (UAD) e da “Unidade de Día” (UD) de CEDRO; centro municipal para o tratamento das drogodependencias que ven prestando este servizo desde hai máis de 30 anos, cun volume asistencial total no exercicio de 2018 de 1.025 pacientes. Este elevado volume asistencial imposibilita a atención con medios unicamente municipais, polo que é necesaria a contratación externa de parte do servizo como se ven facendo nos últimos anos.

Os servizos asistenciais a desenvolver son, con carácter xeral, os referenciados no Catálogo de Programas Asistenciais do Plan de Galicia sobre Drogas e Circuito de Asistencia Sanitaria ós Trastornos Adictivos de Galicia e, con carácter específico, os que anualmente se comprometen por adscrición do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

O obxectivo xeral é prestar unha atención multidisciplinar, gratuita, voluntaria e confidencial, coordinada nas áreas médica, psicolóxica e social, para o tratamento de calquera patoloxía adictiva relacionada co uso de substancias, agás as exclusivamente alcohólicas, abordando as tres etapas diferenciadas do proceso terapéutico: desintoxicación, deshabitación e reinserción.

III.2. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 de estruturación dos servizos corporativos municipais e do acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data, de delegación de competencias nos/as concelleiros/as de Área e nos demais delegados de competencias, Apdo. 2º, pto. 4 (BOP nº 133, do 14.07.2015). A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 22.03.2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.



Concello de Vigo

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa dese Servizo de data 13.05.2019 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.4. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Arts. 22 LCSP)

III.5. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.6. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas (última versión: 11.04.2019; trámite nº 41), con Anexo do 05.02.2019 (trámite nº 22), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (última versión: 31.05.2019; trámite nº 184) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (2.256.270,27 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 3112.227.99.01 dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2019: 104.456,96 €
- 2020: 752.090,09 €
- 2021: 752.090,09 €
- 2022: 647.633,13 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(566).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN NOVO SISTEMA DE DEPURACIÓN DE AUGA PARA AS PISCINAS DAS ZONAS VERDES DE SAMIL. EXPTE. 11813/446.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe de fiscalización do 17/06/19, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/06/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	100,00
2	AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L.	55,95



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SESTRAMA IBÉRICA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- 2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- 3. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SESTRAMA IBÉRICA, S.L., o día 27 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida os días 3, 5 e 13 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SESTRAMA IBÉRICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por SESTRAMA IBÉRICA, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 24 de maio de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SESTRAMA IBÉRICA, S.L. o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 59.048,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 10.248,00 euros.*
- 2. Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido (2 anos) en 6 anos (prazo total 8 anos).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(567).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTROS DE MATERIAL DE XARDINERÍA. EXPTE. 11832/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 05/06/19 asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada de subministros de material de xardinería (11.832-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, de subministros de material de xardinería (11.832-446).

Segundo.- Na sesión do 3 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local acordou:

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de abril de 2019 no referido á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas para a CONTRATACIÓN DO SUUBMINISTRO DE MATERIAL DE XARDINERÍA, que quedará redactado da forma seguinte:

“1º.- Apartado das FEC 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 8.000,00 euros
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 1.388,43 euros
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 14.545,45 euros

2º.- Dar conta á oficina de contratación para os trámites oportunos”

Terceiro.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 6 de maio de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 21 de maio.

Cuarto.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 23 de maio de 2019 só se presentou un licitador.: DARLIM, S.L.U.

Quinto.- En cumprimento do previsto na cláusula 14 do PCAP, o 24 de maio de 2019 o servizo xestor coa asistencia do Servizo de Contratación procedeu á apertura da única oferta presentada.

Á vista da documentación achegada compróbase que o licitador presenta tanto a documentación persoal como a proposición avaliable a través de fórmula referidas ao expediente 11.831-446 (procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación de subministros de produtos de limpeza e droguería), polo que se lle concedeu un prazo de tres días para que puidese aclarar a que expediente ía dirixida a súa oferta.

Durante o prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha. En consecuencia, coa documentación que consta no expediente, pódese entender que non hai ningunha oferta presentada para este procedemento, polo que cómpre declaralo deserto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a única oferta presentada a esta licitación contén a documentación (tanto persoal como económica) referida a outro expediente, tal e como se constatou no momento da apertura, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación de subministrados de material de xardinería (11.832-446) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(568).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR CLECE, S.A. NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTILES DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 21847/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 24/06/19 asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado polo concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).



Concello de Vigo

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21.847-332), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación. O procedemento foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 20 de xullo de 2018. O anuncio contiña un erro material e foi obxecto de rectificación en data 2 de agosto, abríndose un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, que rematou o día 21 de agosto do mesmo ano.

Segundo.- En data 22 de agosto de 2018 emítese certificación do Rexistro Xeral, na que consta que durante o prazo de presentación de ofertas as presentaron as seguintes mercantís:

- COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
- PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (PROFOLP)
- CLECE, S.A.

Terceiro.- En data 23 de agosto de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma acordouse admitir a todos os licitadores citados.

A continuación procedeuse a apertura do “sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e a Mesa acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. Este é evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 12 de setembro de 2018. Este informe entregouse á Mesa na súa sesión de 19 de setembro. Na mesma acordouse solicitar un informe complementario. Este elaborouse polos técnicos citados en data 24 de setembro e foi aceptado pola Mesa na sesión de 27 de setembro de 2018.

Cuarto.- En data 1 de outubro de 2018, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre C: proposición avaliable mediante fórmula”, e acordou solicitar informe

sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe foi evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e Xefa do Servizo de Educación, o 2 de outubro de 2018, é aceptado pola mesa, en sesión de 4 de outubro de 2018. Nesta mesma sesión formulouse proposta de clasificación do contrato á XGL.

Quinto.- En data 4 de outubro de 2018 a XGL aprobou a clasificación dos licitadores por orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48
3	CLECE, S.A.	82,25

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31

E acordou requirir ao primeiro clasificado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos prevista no artigo 140 LCSP, así como a constitución da garantía definitiva.

Sexto.- En data 24 de outubro de 2018, a XGL adoptou acordo de adxudicación do contrato nos seguintes termos:

1. “Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.
2. Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
- b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado electronicamente aos licitadores o mesmo día.

Sétimo.- En data 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, interpón de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento. Este recurso foi estimado por resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) nº 113/2018, de 30 de novembro de 2018.

Oitavo.- En data 31 de xaneiro de 2019, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Noveno.- En data 13 de febreiro de 2019, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento nº 190021920), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación do 24 de xaneiro de 2019 polo que se lle exclúe do procedemento. Este recurso foi desestimado por resolución do TACGAL nº 44/2019.

Décima.- En data 14 de febreiro de 2019, D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., achega a documentación requirida xunto cun escrito no que solicita a modificación do contrato para reequibrarlo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 aprobada por RD 1462/2018 xa que entre o persoal que puidera ter dereito a subrogación de ambas escolas hai traballadores que cobran o salario mínimo. En consecuencia, solicita un incremento do prezo dun 3,41% para o lote 1 (EIM de Tomás Alonso), de 8.498,28 € ano sen IVE, e dun 3,39 % para o lote 2 (EIM de Bouzas), de 8.354,53 € ano sen IVE. Esta solicitude foi desestimada por acordo da XGL de 22 de marzo de 2019.

Undécima.- En data 11 de abril de 2019 a XGL acordou:

1. *“Adxudicar a CLECE, S.A., o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 997.622,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
 - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
 - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*
2. *Adxudicar a CLECE, S.A., o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás*



Concello de Vigo

Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) por un prezo total de 986.062,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:

- a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
- b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

Duodécima.- En data 22 de abril de 2019, D. José Manuel González Villalba, en nome e representación de CLECE, S.A., interpón recurso de reposición contra o acordo da XGL de 22 de marzo de 2019, de denegación da solicitude de modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional.

Décimo terceira.- En data 31 de maio de 2019 formalizouse o contrato, comezando a súa execución o 1 de xuño.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación acordo da XGL de 22 de marzo de 2019, que deniega a solicitude de CLECE de modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.

- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).



Concello de Vigo

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución impugnada é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a CLECE, S.A., por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de licitador.

A representación do recorrente consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é unha resolución de data 22 de marzo, que lle foi notificada ao licitador en data 27 do mesmo mes, a interposición do recurso de reposición en data 22 de abril realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede non admitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

No presente caso non concorre ningún destes supostos polo que non resulta necesario realizar este trámite.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

Este prazo xa finalizou. No entanto, a Administración ten a obriga de ditar resolución expresa e notificala en todos os procedementos (artigo 22 TRLCSP).

En caso de incumprimento da obriga de resolver en prazo a lei, en aras da seguridade xurídica dos administrados e da protección dos seus dereitos e intereses lexítimos, arbitra o mecanismo do silencio administrativo. Se trata dunha ficción xurídica que establece determinados efectos, o denominado acto presunto, a resolución que tiña que producirse máis non se produzo. Nesta liña a doutrina xurisprudencial establece que *“en los supuestos de silencio administrativo, el denominado “acto presunto” no es sino una ficción porque realmente no existe tal acto administrativo, independientemente de la eficacia positiva ou negativa que legalmente se anude al mutismo de la Administración”* (STS de 20 de abril de 1996, Sala 3ª, sección 6ª). O artigo 24 da LPAC regula os efectos do silencio. En caso de procedementos de impugnación de actos e disposicións iniciados a solicitude do interesado, como o presente, o sentido do silencio será desestimatorio.

A ficción legal do silencio non exime á Administración da obriga de resolver. Se ben se a resolución expresa que se produce fora de prazo, esta condicionada o seguinte réxime (artigo 24 LPAC):

- Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo.
- Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ó sentido do silencio.

É dicir, no presente caso a Administración non está condicionada polo sentido do silencio.



Concello de Vigo

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Os motivos de impugnación recollidos no escrito de interposición son os seguintes:

1. No momento de denegación da solicitude de reequilibrio existe contrato (apartado segundo)

Alega o recorrente que se ben a solicitude de reequilibrio foi presentada con carácter previo a la formalización do contrato, a mesma se resolve cando o contrato xa estaba perfeccionado.

Esta afirmación non é certa. A solicitude de modificación foi desestimada por acordo da XGL de 22 de marzo de 2019 e o contrato formalizouse o 31 de maio de 2019. Segundo o artigo 36.1 da LCSP os contratos se perfeccionan coa súa formalización a excepción dos contratos menores, os baseados nun acordo marco e os específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición. O presente caso non está comprendido en ningunha destas excepcións polo que perfeccionouse o día 31 de maio deste ano.

E aínda que o recorrente considera que é responsabilidade desta Administración modificar o contrato unha vez que se producen os feitos que rompen a economía do contrato, a saber, a subida do salario mínimo interprofesional, o certo é que a informante reiterase no argumento recollido no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo que desestima a súa solicitude, de que o contratista so pode solicitar a modificación do contrato cando este se perfeccione. Ata ese intre non existe nin contrato nin contratista, que ten a cualidade de licitador.

A xuízo da que subscribe procede desestimar esta alegación.

2. A fonte da responsabilidade contractual desta Administración é a doutrina do risco imprevisible e/ou a do factum principis e cuantificación da mesma (apartados tres¹ do escrito de recurso)

Comeza o recorrente esta alegación recollendo a doutrina xurisprudencial acerca do risco imprevisible e o factum principis.

Tras citar esta doutrina que considera aplicable ao caso que nos ocupa reitera que cando CLECE presentou a proposición económica nesta licitación tivo en conta o salario mínimo interprofesional vixente nese intre. No entanto, cando resultou ser esta oferta a economicamente máis vantaxosa este se incrementara nun 22,3%. Este incremento conleva un incremento de custes do contrato que cuantifica nun 3,41% de incremento do prezo do Lote I e nun 3,39% o do Lote II.

1 por erro na numeración existen dous apartados co mesmo número no escrito de recurso

Neste intre, procede reiterar os argumentos recollidos nos fundamentos xurídicos dous e tres do acordo impugnado, por canto, o meu xuízo, as alegacións do recorrente non os desvirtúan:

“A lexislación de contratos so prevé a posibilidade de reequilibrar o contrato cando se trate de concesións de obras (artigos 270 LCSP) ou de servizos (artigo 290 LCSP). E isto é así, por canto, habitualmente estes contratos son de longa duración, e non resulta fácil predicir a evolución dos custes do contratista e os seus ingresos cun escaso marxe de error a longo prazo. Tamén hai que ter en conta que ao longo do prazo contractual poden producirse circunstancias que alteren a base do negocio facéndoo moi oneroso para unha das partes. Nestes casos, a lei prevé mecanismos para poder equilibrar a economía da concesión, de modo que se manteña a equivalencia dos dereitos e obrigas de cada unha das partes, e deste modo garantir a prestación do servizo público de que se trate.

A regra xeral na execución dos contratos é que estes execútanse a risco e ventura do contratista. Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á continencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ao contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obrigación do contratista é unha obrigación de resultados, contraposta á configuración da obrigación de actividade ou medial (por todas sentença do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478).

O principio de risco e ventura na actualidade está recollido no artigo 197 LCSP segundo o cal “A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o de obras no artigo 239”. É dicir, as únicas excepcións a aplicación do principio de execución do contrato a risco e ventura do contratista previstas na nosa lexislación son:

- Os supostos de forza maior recollidos no artigo 239 LCSP.
- A ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obras e de servizos.

No entanto, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial, así como dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura.

Tal e como dí o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, *“por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la “Cláusula Rebus Sic Stantibus” (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiéndose que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando*



Concello de Vigo

no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur).

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de risco imprevisible ou de factum principis.

Analizaremos a continuación o concepto e requisitos necesarios para a aplicación destas excepcións.

A **teoría do risco imprevisible** refírese a situacións económicas de excepción, nas que prodúcese un desequilibrio económico de tal magnitude que o cumprimento polo contratista das súas obrigas pode devir excesivamente oneroso. A súa aplicación require a concorrencia de dous requisitos:

- Que se trate de circunstancias que o contratista non puído prever, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- Debe existir unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria e non xustificada.

Atopamos unha definición desta teoría no Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013 *“El restablecimiento del equilibrio de las prestaciones se configura, por tanto, como la técnica que permite devolver a las partes a la situación inicial, cuando, durante la ejecución del contrato, falla el reparto de riesgos pactado. No hay, en todo caso, una modificación de las condiciones de explotación, sino un ajuste de las mismas a una realidad fáctica o jurídica no prevista, que inaplica la regla del pacta sunt servanda (estar a lo pactado) y que obliga a, sin alterar la idea del riesgo, limitar éste cuando es claramente desproporcionado”.*

Esta técnica ten carácter excepcional, tal e como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Cantabria de 29 de abril de 1997 *“es una fórmula excepcional que debe combinarse con el principio de riesgo y ventura al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la res pública en contra de lo que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales”.*

Con respecto á ruptura do equilibrio económico dun contrato por mor do incremento dos custes laborais, non como consecuencia do salario mínimo interprofesional como neste caso, pero noutro análogo cal é o incremento por consecuencia dunha aprobación dun convenio colectivo sectorial existe tamén un consenso xurisprudencial e doutrinal relativo á improcedencia do mesmo. Así, o informe 16/2016, de 20 de xullo, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidad Autónoma de Aragón, conforme o cal:

“La compensación que eventualmente debería percibir el contratista por el incremento de sus costes laborales habría de canalizarse, si fuera posible, a

través de la revisión de precios. Sobre el régimen jurídico aplicable actualmente a la revisión de precios hemos de remitirnos a nuestro informe 18/2015, de 3 de diciembre, donde se aborda expresamente la incidencia que sobre el mismo ha tenido la Ley 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación de la Economía Española y la disposición adicional octogésima octava de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2014. Respecto del régimen aplicable a los contratos adjudicados con anterioridad a las normas citadas, habrá de estarse a lo que disponían los artículos 77 a 80 y la disposición transitoria segunda LCSP (posteriormente, hasta su derogación, arts. 89 a 92 TRLCSP): Recuérdese que el artículo 77 LCSP (y posteriormente su sucesor, el artículo 91 TRLCSP) señalaban que las fórmulas de revisión de precios que se previesen en los pliegos «...No incluirán en ellas el coste de la mano de obra, los costes financieros, los gastos generales o de estructura ni el beneficio industrial», de lo que cabe deducir que el incremento de los costes laborales no puede ser indemnizado al contratista por esta vía. Este mismo criterio fue establecido, hace ya años, por la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, en su Informe 25/06, de 20 de junio, sobre la repercusión en el precio del contrato por revisión de precios de incrementos de costes derivados de convenios colectivos de trabajo, cuando la fórmula habitual de revisión era el Índice de Precios al Consumo, y no se contemplaba, igual que ahora, el coste de la mano de obra como factor de revisión. Por consiguiente, **el posible incremento de los costes laborales durante la ejecución del contrato (período inicial y eventuales prórrogas) debe ser contemplado por los licitadores a la hora de presentar sus ofertas, sin que sea posible su compensación posteriormente**”.

Nesta liña tamén podemos citar o Informe 2/2011, de 14 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalidad de Cataluña (Comisión Permanente), precisamente sobre a repercusión no prezo dos contratos do aumento dos custos salariais do persoal da empresa adxudicataria, que conclúe que “es especialmente significativo el pronunciamiento del Tribunal Supremo en la Sentencia de 15 de marzo de 2007, dictada en el Recurso 7679/2004, por la cual, en definitiva, el Tribunal desestima en casación la pretensión de la adjudicataria de repercutir el incremento de los costes salariales acordados por convenio colectivo con posterioridad a la perfección del contrato. Los principales argumentos de la Sentencia niegan que el incremento de costes generados por el convenio colectivo justifique la concurrencia de un riesgo imprevisible y de la necesidad de mantener el equilibrio financiero del contrato sobre la base de un precio justo. Es más, el Tribunal entiende que la firma de un nuevo convenio no es un hecho extraordinario sino conocido o previsible por parte del adjudicatario y sí es una cuestión ajena a la Administración demandada. De acuerdo con las consideraciones jurídicas efectuadas anteriormente, hay que afirmar que el argumento del **incremento salarial acordado con posterioridad o simultáneamente a la adjudicación de un contrato no es, por sí mismo, la justificación de una modificación contractual por concurrencia de un riesgo imprevisible**”.

No presente caso, non queda acreditado que se dean as circunstancias que permitan a aplicación da teoría do risco imprevisible, é mais, as subidas salariais ben sexan en virtude de convenio ou de normas non resultan imprevisibles, xa que é o habitual.



Concello de Vigo

No procedemento que nos ocupa non contemplaba a posibilidade de revisión de prezos do futuro contrato, polo que o contratista debeu de ter a dilixencia esixible a un empresario dilixente para prever as subidas salariais que puideran afectar ao contrato. Pois, é un feito innegable que en todos os contratos, sexa por lei, como neste caso, o por vía de convenio colectivo, os salarios modifícanse xeralmente todos os anos.

Ademais hai que ter en conta que o incremento producido está comprendido no orzamento base de licitación previsto pola Administración, e o licitador non estaba obrigado a efectuar a rebaixa do mesmo que fixo.

Ao fío do exposto podemos concluír que non queda acreditado no presente suposto que se dean as circunstancias que permitan a aplicación da teoría do risco imprevisible unha vez perfeccionado o contrato.

A **doutrina do “factum principis”**, segundo o Ditamen 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado *“alude a intervenciones administrativas de tipo general no exclusivamente referidas a un contrato, pero que implican un cambio en las condiciones externas de la ejecución del contrato, y son una fuente de responsabilidad extracontractual liquidable en el seno del contrato”*. Atopamos unha definición do mesmo no Dictame número 3.725, de 12 de novembro de 1948, repetida en numerosos ditames posteriores ata a actualidade, segundo o cal *“existe «factum principis» cuando la Administración está vinculada con un particular y lesiona la materia económica sinalagmáticamente acordada a través de un acto propio, nado del poder general del «imperium»* (Dictame do Consejo de Estado, expediente 31/1992). O Tribunal Supremo considera (STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986), necesario para que se de o nacemento do dereito indemnizatorio nestes casos, que ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista para dar lugar a súa compensación.

A priori, unha das circunstancias alegadas por CLECE para solicitar o reequilibrio do contrato, parece referirse a un suposto de aplicación do factum principis: unha modificación legislativa que incrementa os seus custes salariais ao incrementarse o salario mínimo interprofesional.

No entanto, o criterio máis recente da Xurisprudencia avoga por considerar que as intervencións administrativas que desequilibran o contrato distintas do exercicio do ius variandi deben proceder da propia administración contratante. Nesta liña, nun caso similar ao que nos ocupa, no que unha empresa concesionaria dunha autopista de peaxe de titularidade estatal solicita un reequilibrio económico da concesión baseándose, entre outros extremos, nun desdobramento dunha carreteira autonómica propiedade da Comunidade Autónoma de Madrid, previsto no Plan de carreteras da citada comunidade e aprobado con posterioridade ao outorgamento da concesión, establece a STS 3125/2011 ditada no recurso 566/2008 *“una cosa es que la Administración concedente deba responder por lo que ya existe y es conocido en el momento de convocar el concurso, pues forma parte de la realidad en la que va a insertarse la concesión, y otra, bien distinta, que deba responder por decisiones posteriores de otros sujetos”*.

Do exposto, despréndese que o «factum principis» debe reunir os seguintes requisitos:

- Ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
- Debe ser imputable á propia Administración contratante.
- Trátase dun suposto claramente excepcional.

Nesta liña, sinala a Avogacía Xeral do Estado no seu informe de 1/02/2019, respecto a un caso semellante respecto dun contrato da Administración do Estado, sendo a figura do “factum principis” a técnica de garantía do equilibrio económico do contrato cando a maior onerosidade da relación contractual ten lugar por razón da adopción dunha disposición de ordenación económica cuxos efectos inciden en dita relación, isto non ten por obrigada consecuencia que en todo caso de adopción de medidas de ordenación económica necesariamente xurda a obriga de compensar ou reparar a maior onerosidade da relación contractual.

No suposto que nos ocupa tampouco cúmprense os requisitos esixidos para a aplicación do factum principis polo que, perfeccionado o contrato, non procederá indemnización por este concepto. Trátase dunha medida de carácter xeral que afecta a todos os operadores económicos, sexan ou non contratistas do sector público. E o ser unha carga xeral que afecta a unha pluralidade de administrados, estes teñen o deber xurídico de soportala e non comporta obriga de indemnización ningunha.

Á vista do anteriormente exposto tampouco procede estimar esta alegación.

-V-
Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto o 22 de abril de 2019 por D. José Manuel González Villalba, en nome e representación de CLECE, S.A., contra o acordo da XGL de 22 de marzo de 2019, de denegación da solicitude de modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional, no procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas.

2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(569).- CORRECCIÓN ERROS NO ACORDO DA XGL DO 23/05/19 PARA SOLICITAR O OBRADOIRO DE EMPREGO “FORMAWEB III. EXPTE. 16475/77

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 21/06/19 asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Participación cidadá e Emprego e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 79, do 25 de abril, publicouse a Orde do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código do procedemento TR353B).

II. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/05/2019, acordou:

Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 79, do 25 de abril.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB III”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei

39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

III. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, formúlase requirimento asinado en data 05/06/19 polo xefe de servizo de Orientación e Promoción Laboral (recibido en data 07/06/19) a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso achegar a Memoria de Instalacións e corrixir o Orzamento e financiamento do proxecto, rectificando o erro de cálculo da Seguridade Social dos alumnos traballadores.

Unha vez corrixidos os cálculos do orzamento do proxecto, a subvención a solicitar á presente convocatoria sería de **156.140,52 €**, en lugar dos 150.076,80 € que contemplada inicialmente o proxecto de Obradoiro FORMAWEB III.

A achega municipal estimada en 20.001,00 €, a incluír nas correspondentes partidas municipais dos anos 2019 e 2020 dos orzamentos municipais de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia, non se ve alterada pola presente rectificación.

Dacordo co informe asinado polo Interventor Xeral Municipal de data 20/05/2019, que consta no expediente: o expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Concellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para a financiación do Obradoiro de Emprego Formaweb III, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Subsanan o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23/05/2019, dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria recibido o 07/06/19, que quedaría co seguinte tenor literal:

- 1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*



Concello de Vigo

2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto por importe de **156.140,52 €**, de acordo co establecido na "ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 79, do 25 de abril.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "FORMAWEB III".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(570).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017. EXPTE. 29567/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/06/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 28 de decembro de 2017, acordou a aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2017, integrada polas seguintes prazas vacantes:

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OBSERVACIÓNES
TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL(rama xurídica)	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Servizos Esenciais
ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (4) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	Das 4 prazas quenda libre, unha servizos esenciais e tres persoal indefinido. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
AUXILIAR/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	As prazas quenda libre-Persoal indefinido. As 3 da quenda de P.I. corresponden a resto sectores. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
SUBALTERNO/A	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	2	Resto Sectores. Unha delas reservada para persoas con discapacidade
TÉCNICO DE XESTIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Persoal Indefinido
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
ENXEÑEIRO/A DE CAMINOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
ECONOMISTA	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Resto Sectores
TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TEC.SUP.ACT.CULT . E EDUCATIVAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal indefinido



Concello de Vigo

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OBSERVACIONES
VETERINARIO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
TECNICO/A MUSICA TRADICIONAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos esenciais
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APARELLADOR	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
CONSERVADOR/A ZOO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE OFICIOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
DELINEANTE	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
MESTRE FORMACIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE FORMACIÓN ORFEBRERÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
INSPECTOR OBRAS, SERV. E INFRAEST.	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	
INSPECTOR/A SEGURIDADE E MOBILIDADE	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
CAPATAZ DE LIMPEZA	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABORAL	1	
ENCARGADO/A SERVIZO CEMITERIOS	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABOAL	1	

CONDUTOR/A BOMBEIRO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos Esenciais
POLICIA LOCAL	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	Servizos Esenciais
OPERADOR/A INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
INSPECTOR AUXILIAR SERVIZOS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
OFICIAL OFICIOS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	4	Resto Sectores (albanel,desinfectores e 2 sepultureiros/as)
OFICIAL OFICIOS	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABORAL	2	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
OFICIAL INSTALACIÓNS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
OFICIAL MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	3	Disp. Trans. 4ª TREBEP
AXUDANTES MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	12	5 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP e as 7 restantes corresponden a persoal indefinido (unha delas reservada para persoas con discapacidade)
TOTAL PRAZAS OEP 2017			79	6 reservadas para persoas con discapacidade (7% das 79 prazas convocadas)

2.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 22/03/2018, unha vez detectado erro material ou aritmético no informe técnico emitido en canto ao número total de prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017 -erro concretado en que onde constaban 79 prazas deberían constar 80 prazas- acordouse a rectificación do acordo aprobatorio da referida oferta, en canto ao punto indicado, mantendo os restantes extremos do acordo indicado.

3.-Comunicado pola xefatura do servizo de Educación un posible erro na identificación de 1 praza de Mestre/a na EMAO, verificase a concorrencia de erro no informe técnico emitido en canto á denominación de dita praza, concretado en que figura 1 praza de "Mestre/a de Formación Ourivería cando debería figurar 1 praza de "Mestre/a de Formación Encadernación", de xeito tal que resulta necesaria a corrección, segundo novo informe técnico de data 22/04/2019, que indica que "deberán figurar 5 prazas de Mestre Formación, coa observación respecto de que unha delas se corresponde cun traballador indefinido, especialidade encadernación."



Concello de Vigo

4.- Adicionalmente, en informe técnico de data 22/04/2019 indícase a necesidade de proceder á rectificación na Oferta de 2017 no grupo de "Axudantes de Mantemento/Oficios", contemplando dúas prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual en lugar de unha, conformando un total de 7 prazas a ofertar pola quenda de discapacidade, dúas delas para persoas que acrediten discapacidade intelectual e as cinco restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

5.- En mesa xeral de negociación celebrada o pasado 30/04/2019 adoptouse acordo favorable ás rectificacións propostas, de conformidade cos informes emitidos ao expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Sobre as Ofertas de Emprego Público:

- Artigo 59 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP en relación co previsto no artigo 48, apartados 2 e 3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Publico de Galicia, que contempla que:

*"2. En las ofertas de empleo público se reservará un **porcentaje no inferior al siete por ciento** de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.*

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden contemplar que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente serán de características similares a las que se realicen en las convocatorias ordinarias, habiendo de acreditar las personas que participen en las mismas el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad."

Constando en informe técnico de data 22/04/2019 a necesidade de proceder á rectificación na Oferta de 2017 no grupo de “Axudantes de Mantemento/Oficios”, contemplando dúas prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual en lugar de unha, conformando un total de 7 prazas a ofertar pola quenda de discapacidade, dúas delas para persoas que acrediten discapacidade intelectual e as cinco restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Artigo 70 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

II.- Sobre a obriga de sometemento a negociación colectiva da proposta:

- Artigo 37.2, letra I) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do TREBEP, que establece a obriga de sometemento a negociación colectiva dos criterios xerais sobre ofertas de emprego público.

III.- Sobre a rectificación dos actos administrativos:

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que contempla que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

IV.- Sobre o sometemento a preceptiva fiscalización previa:

- Artigo 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que establece que
“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.



Concello de Vigo

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

Sendo, por tanto, a presente proposta, susceptible de xenerar gasto futuro á facenda local coa execución dos procesos selectivos derivados da oferta que pola presente se modifica -tanto en relación á incorporación de novos efectivos como en canto aos gastos que se xeneren no funcionamento dos órganos de selección- resulta procedente o sometemento á preceptiva fiscalización previa.

V.- Sobre a competencia do órgano:

- Segundo o réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recollidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e coa conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas, a aprobación e conseguinte modificación das ofertas de emprego público resulta competencia da Xunta de Goberno Local.

En atención ao exposto, e previa a preceptiva fiscalización previa do gasto p elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros detectados nos informes técnicos emitidos ao expediente nº 29.567/220, e, consecuentemente, o acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 28/12/2017, polo que se aprobou a Oferta de emprego público correspondente ao ano 2017 (Expte: 29567/220) e rectificado por acordo do mesmo órgano de data 22/03/2018, nos termos do informe técnico emitido o 22/04/2019; rectificación consistente no seguinte:

-No cadro **onde di**:

MESTRE FORMACIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE FORMACIÓN ORFEBRERÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
AXUDANTES MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	12	5 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP e as 7 restantes corresponden a persoal indefinido (unha delas reservada para persoas con discapacidade)

TOTAL PRAZAS OEP 2017			80	6 reservadas para persoas con discapacidade (7% das 80 prazas convocadas)
------------------------------	--	--	----	--

-Debe dicir:

MESTRE FORMACIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	4 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP 1 persoal indefinido (especialidade encadernación)
AXUDANTES MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	12	5 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP e as 7 restantes corresponden a persoal indefinido (dúas delas reservadas para persoas con discapacidade intelectual)
TOTAL PRAZAS OEP 2017			80	7 reservadas para persoas con discapacidade (dúas delas para persoas que acrediten discapacidade intelectual) (7% mínimo das 80 prazas convocadas)

SEGUNDO: Ordear a publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario oficial de Galicia, notificando o presente acordo ao Comité de Persoal, Intervención Xeral Municipal, así como ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(571).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2019 (FAS). EXPTE. 34186/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite á Área de Recursos Humanos e Formación oficio comunicando que en sesión de data 26/04/2019, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas socio-sanitarias 2019, que ascenden a un importe de 275.000 €, destinados a axudas en concepto de gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras), así como a vacina meningococo B.

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

CONDICIONS XERAIS.-

1.- Ámbito persoal e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora do FAS (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de xuño de 2018 ata 31 de maio de

2019.

- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederáse unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optrometrista.
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	-	Menos de 27.000 €
TRAMO II	-	De 27.001 € a 30.000 €
TRAMO III	-	De 30.001 € a 38.000 €
TRAMO IV	-	De 38.001 € a 50.000 €
TRAMO V	-	Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do Concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.



Concello de Vigo

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I	-	790 €
TRAMO II	-	585 €
TRAMO III	-	435 €
TRAMO IV	-	320 €
TRAMO V	-	250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e

control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contéplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.



Concello de Vigo

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico)."

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

"Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente."

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2019, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 430.000,00 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 26/04/2019 e remitida a esta Área de Recursos Humanos e

Formación e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas sociosanitarias 2019 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013). O importe máximo destinado a ditas axudas será de 275.000,00€ , con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400 "Fondo Social" do vixente orzamento para o ano 2018.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(572).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 18/06/19, DE ESTRUCTURA ÓRGANOS DE GOBERNO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS. EXPTE. 598/1102.

Dáse conta da referida Resolución da Alcaldía que di o seguinte:

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESTRUTURA ÁREAS DE GOBERNO. 2019-2023

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á delegación de competencias en Concelleiros/as se opoñan á presente Resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 e as súas posteriores modificacións polas que se delegan atribucións nos Concelleiros e Concelleiras de área.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións



Concello de Vigo

de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

1.- M.^a CARMEN SILVA REGO. Tenente de Alcalde e Área de Patrimonio Histórico.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo.

2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Fomento, Ciclo integral da auga, Limpeza, Transporte e Mobilidade, Aparcadoiros, Vías e Obras, Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos e Xestión de Residuos Sólidos Municipais.

A coordinación, planificación e dirección das actuacións dos servizos vinculados ao viario municipal (Vías e Obras, Electromecánicos, Limpeza, Transportes, etc.).

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación, Arquivo e Rexistros. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.

4.- M.^a JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ. Tenente de Alcalde e Área de Urbanismo.

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidenta da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1; Cascos Históricos, sen prexuízo de Patrimonio histórico e Vivenda.

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado. Así como en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

As competencias municipais en materia de Participación Cidadá, sinaladamente en relación co Asociacionismo, o Rexistro Municipal de parellas de feito, as relacións co Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán, a dirección dos Centros Cívicos, do Servizo 010, a Oficina de Voluntariado, e presidir o Consello Sectorial de Participación Cidadá.

6.- ANA M.^a MEJÍAS SACALUGA. Área de I+D e Dinamización Administrativa.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de impulso e promoción da Investigación e Desenvolvemento en todas as súas dimensións, así como mellora de procesos e simplificación administrativa, avaliación e calidade procedimental.

7.- JAIME ANEIROS PEREIRA. Área de Orzamentos e Facenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a planificación e coordinación da actuación económica-financieira dos entes dependentes do Concello en colaboración cos seus órganos xerenciais; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral Delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social e Cíes Patrimonio da Humanidade.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Políticas de familia e infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencia. Así mesmo as competencias municipais para o impulso e promoción da Candidatura *Islas Cíes Patrimonio de la Humanidad*.

9.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Área de Deportes.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Deportes, sinaladamente o apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente, dirección e xestión de instalacións deportivas municipais e autorización de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas.

10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica e Protección de Datos.



Concello de Vigo

11.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Medio Ambiente, Sanidade e Salubridade, Consumo e Cemiterios, sinaladamente a execución do conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, velando polo control da contaminación atmosférica, sonora, etc.

12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Educación, en particular, a dirección e xestión das Escolas Municipais de Música e Teatro, da Escola Municipal de Danza, a Escola Municipal de Artes e Oficios e Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo. Así mesmo as competencias en materia de Xuventude, sinaladamente, dirección e xestión dos seguintes servizos adscritos á Concellería de Xuventude, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro: Casa da Xuventude, Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Punto de Información Xuvenil (PIX), Servizos de Información e Dinamización Xuvenil, Servizo de Dinamización Xuvenil-Paseo dos Cedros, Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

13.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ. Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Parques e Xardíns, dirixindo e xestionando as actividades e servizos do Viveiro Municipal, así como a inspección permanente do funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos.

En materia de Festas especiais asígnanselle as competencias en relación con aquelas celebracións ou festas de especial transcendencia para a cidade, como as do Nadal e da Reconquista.

14.- UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS. Area de Igualdade e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Igualdade, sinaladamente, a dirección e coordinación do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero, así como convocar e presidir o Consello Municipal da Muller.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Normalización Lingüística, sinaladamente en relación co Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).

15.- M.^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Festas e Turismo.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Festas e Animación Sociocultural, sinaladamente a dirección da Fundación Vigo Convention Bureau, a xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación coa programación municipal que nel se desenvolva.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de turismo, márketing da cidade e coordinación dos servizos turísticos privados da cidade.

Terceiro.- Así mesmo, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior e aquelas nas que se concreten posteriormente, as seguintes:

1. A dirección, xestión, organización, planificación e coordinación das políticas públicas municipais na súa área competencial a fin de acadar os obxectivos previstos, de acordo coas competencias atribuídas nesta materia aos concellos pola lexislación de Réxime Local e a normativa sectorial, determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento, sen prexuízo das competencias transversais da Concellería Delegada de Xestión Municipal.

2.- Dirixir, coordinar e xestionar os servizos e áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, sen prexuízo da coordinación con aqueles nos que existan ámbitos materiais concorrentes con outras Concellerías Delegadas.

3.- Manter o contacto permanente e representar ao Concello de Vigo perante os organismos e departamentos da administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan competencias, actividades e programas relacionados coas competencias delegadas.

4.- Facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía, as ordenanzas e regulamentos municipais e, en xeral, todas as disposicións legais que afecten ás competencias da súa área, así como a axeitada execución dos actos e acordos dos órganos municipais, cando lle corresponda polo seu ámbito material, ditando as instrucións, circulares e cantos instrumentos resulten precisos para garantir o dito cumprimento.

5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada.

6.- Establecer medidas de seguimento e avaliación, estudos de custos e elaboración de memorias relativas á xestión da Área Delegada, das súas unidades, equipamentos, servizos e programas.

7.-Promover a implantación, actualización ou modificación das ordenanzas e regulamentos relativos ás competencias **na** súa área, redactando o correspondente anteproxecto normativo.

8.-A incoación de expedientes en materias relacionadas coa Área sinalando ao empregado público encargado da súa tramitación, impulsando a instrución completa e



Concello de Vigo

adecuada dos mesmos e a súa resolución en prazo, incluíndo, no seu caso, o arquivo, aceptación da renuncia ou desestimento e solicitudes e declaración de caducidade, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.

9.- Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

10.- Incoación, tramitación e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

11.- A sinatura de documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se dirixan a autoridades, organismos públicos ou cidadanía nas materias relacionadas coa súa Área.

12.- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

13.- Elevar á Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou á Comisión Delegada do Pleno que corresponda, segundo cal sexa o órgano competente, os expedientes tramitados e concluídos conformando, mesmo en vía de urxencia, o informe-proposta que, en todo caso, para resolver, e cos extremos sinalados no art. 175 do RD 2568/1986, deberá constar no mesmo.

14.- Formular, aos órganos competentes, cantas propostas resulten precisas para a completa xestión da súa Área Delegada.

Cuarto.- As atribucións e facultades que para as distintas Áreas se establecen na presente Resolución referidas a unha materia ou sector de actividade enténdense outorgadas, sen prexuízo daquelas outras non especificadas que sexan necesarias para unha correcta planificación da Área e para a consecución dos obxectivos e fins xerais dese ámbito.

Quinto.- As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme co establecido no artigo 43.5.a do RD 2568/1986.

Sexto.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Sétimo.- As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as Delegados/as e demais Delegados/as en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co

establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Oitavo.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante, nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Noveno.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resolto polos propios delegados de Area.

Décimo.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

Décimo primeiro.- Os Concelleiros/as Delegados/as estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Décimo segundo.- Notificar a presente Resolución a todo/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Décimo cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

14(573).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS MOTOS ACUÁTICAS CON REMOLQUES DE TRANSPORTE, SEIS PADIOLAS OU PLATAFORMAS E MATERIAL AUXILIAR PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 5697/213.

A Xunta de Goberno Local acorda retirar o presente expediente da orde do día.

15(574).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DAS CANTIDADES PENDENTES DE INGRESAR CORRESPONDENTES AO 20% RESTANTE DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INJUVE, NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ DA COMISIÓN EUROPEA. EXPTE. 5016/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/05/19 e o informe de fiscalización do 06/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/19, asinado pola xefa do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude, que di o seguinte:

Informe- Proposta

A Xunta de Goberno Local do 31 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Aceptar a subvención concedida para a realización dun proxecto no marco da Acción clave 2 do programa "Erasmus+: Juventud en Acción", por importe de 43.365,00 €, (expediente 5016-336), regulada polo Convenio suscrito con data 1 de xuño de 2017, número: 2017-1-ES02-K-A205-009560, entre o Instituto de la Juventud e o Concello de Vigo, da cal xa foi ingresado o 80% do importe e remitido por este Concello ás entidades que a continuación se relacionan:

Organización	CIF o equivalente	80,00%	Conta bancaria
Centro Xuvenil Abertal	G36633394	840,00 €	ES7420805100103000035408
Asociata Culturala Pentru Teatru Si Origami di Rumania	14601574	1.416,00	RO78 BRDE410SV18707614100
Cooperativa STRANAIDEA	5188910011	1.280,00	IT53T0326822300001905854310
Centrum Inicjatyw Młodzieżowych "Horyzonty"	7822365406	1.416,00	PL8617500012000000036873299
The Infinite Opportunities Association	175837888	1.416,00	BG51RZBB91551434824803
Associazione di promozione sociale Joint	97365450150	1.280,00	IT58Y0335901600100000076413
KOINONIKH ANATYTYH NEQN (SOCIAL YOUTH DEVELOPMENT)	998269753	1.128,00	GR91 0140 5000 5000 0200 2014 980
Association for Democratic Prosperity - Zid	217	1.128,00	ME25530005120005006509
Europos savanoriu tarnybos asociacija Saltes	30012314	1.416,00	LT56 7044 0600 0499 1389
European Village	998653216	1.416,00	GR02 0172 0900 0050 9003 8028 585
VIA e.V Verein Für internationalen und interkulturellen Austausch	33/270/03833	1.280,00	DE662400501100057050627
SALESIAN PASTORAL YOUTH SERVICE	VO/0078	1.128,00	MT46 MMEB 4458 7000 0000 5810 1023 451
GENCLIK TURIZMI DERNEGI	3930409484	2.112,00	TR43 0006 4000 0021 0113 3966 92
Biedrība „Pozitīvā Doma"	40008112899	1.416,00	LV24HABA0551035020562
ASSOCIAZIONE INTERCULTURALE NUR	92099790922	1.060,00	IT20 T010 1504 8030 0000 0022 639
TOTAL		19.732,00	

Con data 23-10-2018, foi recibido do Instituto de la Juventud (INJUVE) o pago final do proxecto 2017-1-ES02-KA205-009560, por importe de 8.493 €,correspondente ao 20% restante da subvención concedida para o proxecto “**SvigoE. Punto de encuentro**”, todo elo unha vez este foi rematado e debidamente xustificado ante dito organismo e este realizar os axustes en base a dita xustificación.

Achéganse os importes pendentes de ingresar ás entidades participantes no devandito programa , as cales foron obxecto de modificación orzamentaria 19A/19 de data 9 de abril do presente ano:

ENTIDADES E IMPORTES PENDENTES DE INGRESAR

Partida	Organización	Importe 20% a ingresar
3370 4900000	Centro Xuvenil Abertal	210,00 €
3370 4900002	Stranaidea Societá Cooperativa Sociale Impresa Sociale Onlus	320,00 €
3370 4900003	Centrum Inicjatyw Mlodziezowych Horyzonty	354,00 €
3370 4900004	Infinite Opportunities Association	354,00 €
3370 4900005	Associazione Di Promozione Sociale Joint	320,00 €
3370 4900006	Social Youth Development Civil Nonprofit Society	282,00 €
3370 4900007	Association For Democratic Prosperity - Zid	282,00 €
3370 4900008	Europos Savanoriu Tarnybos Asociacija Saltes	354,00 €
3370 4900000	Europaiko Choiro	337,00 €
3370 4900010	Via E.V Verein Für Internationalen Und Interkulturellen Austausch	320,00 €
3370 4900011	Salesian Pastoral Youth Service	282,00 €
3370 4900012	Genclik Turizmi Dernegi	528,00 €
3370 4900013	“Pozitiva Doma”	354,00 €
3370 4900014	Associazione Interculturale Nur	246,00 €
3370 4900015	Sociata Culturala Pentru Teatru Si Origami di Rumania	354,00 €

Por todo o exposto anteriormente propónse á **Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1º.- “Autorizar o abono das cantidades pendentes de ingresar correspondentes ao 20% restante do proxecto, as cales deberán ser ordenadas polo Concello de Vigo como coordinador, segundo figura na Cláusula 1.4, apartado 1.4.8 do convenio, que di: ” El coordinador debe efectuar todos los pagos a los demás beneficiarios mediante transferencia bancaria”.



Concello de Vigo

2º.- Ordenar o pago ás entidades que se detallan a continuación e polos importes indicados, as cales foron obxecto de modificación orzamentaria 19A/19 de data 9 de abril do presente ano”:

Partida	Organización	Importe 20% a ingresar
3370 4900000	Centro Xuvenil Abertal	210,00 €
3370 4900002	Stranaidea Societá Cooperativa Sociale Impresa Sociale Onlus	320,00 €
3370 4900003	Centrum Inicjatyw Młodzieżowych Horyzonty	354,00 €
3370 4900004	Infinite Opportunities Association	354,00 €
3370 4900005	Associazione Di Promozione Sociale Joint	320,00 €
3370 4900006	Social Youth Development Civil Nonprofit Society	282,00 €
3370 4900007	Association For Democratic Prosperity - Zid	282,00 €
3370 4900008	Europos Savanoriu Tarnybos Asociacija Saltes	354,00 €
3370 4900000	Europaiko Choiro	337,00 €
3370 4900010	Via E.V Verein Für Internationalen Und Interkulturellen Austausch	320,00 €
3370 4900011	Salesian Pastoral Youth Service	282,00 €
3370 4900012	Genlik Turizmi Dernegi	528,00 €
3370 4900013	“Pozitiva Doma”	354,00 €
3370 4900014	Associazione Interculturale Nur	246,00 €
3370 4900015	Sociata Culturala Pentru Teatru Si Origami di Rumania	354,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(575).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

XS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez